

Expediente núm.: 994/2019  
Resolución de Alcaldía

**Asunto:** Contrato aberto simplificado de subministración: “Adquisición de mesas, bancos e vallas. Mobiliario Urbano” Plan único 2019.

**Aprobación de expediente de contratación por procedemento aberto simplificado para subministración: “Adquisición de mesas, bancos e vallas. Mobiliario Urbano” Plan único 2019.**

Nos contratos de obras de valor estimado igual ou inferior a 2.000.000 euros, e nos contratos de subministración e de servizos de valor estimado igual ou inferior a 100.000 euros e a ponderación dos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízos de valor non supere o 25% (45% en servizos con prestacións intelectuais como enxeñería ou arquitectura), poderá utilizarse o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.1 da LCSP coas seguintes particularidades: o anuncio de licitación do contrato unicamente precisará a publicación no perfil do contratante, o prazo de presentación de proposicións non poderá ser inferior a 15 días hábiles (20 días nos contratos de obras), os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores do Sector Público, non procederá a constitución de garantía provisional, as proposicións presentaranse no rexistro indicado no anuncio de licitación coa correspondente declaración responsable, e redúcense os prazos para a valoración das ofertas e adxudicación do contrato.

Por decreto de alcaldía do 08.08.2019 incoase o expediente de contratación de referencia por procedemento aberto simplificado, xustificándose a necesidade do contrato, a insuficiencia de medios e idoneidade do mesmo, a división ou non en lotes do obxecto do contrato, e o procedemento de contratación elixido; e solicitáronse os informes e trámites preceptivos previos á aprobación do expediente para a súa licitación.

Visto que se redactaron e se incorporaron ao expediente o prego de cláusulas administrativas, asinado o 31.10.2019, e de prescricións técnicas particulares que han de rexer a adxudicación do contrato, asinado o 25.09.2019.

Visto o informe de xustificación non utilización de medios electrónicos do 08.08.2019.

Vista a memoria xustificativa de alcaldía do 24.09.2019.

Vistos os informes xurídicos do secretario da Corporación do 24.09.2019 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e do 4.11.2019 sobre a adecuación á legalidade do expediente tramitado.

Visto o documento RC de existencia de crédito do 26.09.2019 e o informe de intervención de estabilidade orzamentaria do 26.09.2019.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

-Os artigos 28, 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124, 131 a 159, Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións

---

**Concello de Foz**

Rua Alvaro Cunqueiro, 24, Foz. 27780 (Lugo). Tfno. 982 140 027. Fax: 982 141 600



Cod. Validación: XNTHUJAF4MGZ7FNHSSSEMRPTY | Corrección: <http://concellodefoz.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

De acordo coa atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e vista a fiscalización previa de intervención

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación coas seguintes características convocando a súa licitación:

Tipo de contrato: ADMINISTRATIVO	
Subtipo do contrato: SUBMINISTRACIÓN	
Obxecto do contrato: "Adquisición de mesas e bancos e vallas. Mobiliario Urbano". Plan único 2019.	
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Valor estimado do contrato: 18640,62 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 18640,62 €	IVE% 21: 3914,53 €
Orzamento base de licitación IVE engadido: 22.555,15 €	
División en lotes: SI	
Observacións: EXCEPTUADO DE EMPREGO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS CONFORME A DA 15ª LCSP a)	

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto que supón a realización do presente contrato por importe total de 22.555,15 euros con cargo á partida orzamentaria correspondente do orzamento vixente.

**TERCEIRO.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a adxudicación e execución do contrato mediante o procedemento aberto simplificado.

**CUARTO.-** Publicar a convocatoria da licitación no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do Estado para a presentación de ofertas durante o prazo de 15 días naturais dende a publicación no perfil, coa información do artigo 63 da LCSP e o contido do Anexo III da LCSP.

**QUINTO.-** A composición da Mesa de contratación, que se publicará no perfil do contratante, será a seguinte:



**CONCELLO DE  
FOZ**

Presidente: Alcalde de Foz. Suplente: 2º Tenente de Alcalde

Vogais:

-A secretaria municipal ou funcionario que a substitúa.

-A interventora municipal ou funcionario que a substitúa.

-O coordinador de obras, Ramón Rodríguez Paleo. Suplente: Arquitecto técnico de urbanismo.

Secretario: administrativa adscrita a Secretaría. Suplente: outro funcionario da corporación

O alcalde,

Francisco Cajoto Caserío

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)

